



# 10

**quieres un  
consello?**



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística




## Objetivos

Objetivos desta unidade:


- ❖ Como pedir consellos e recomendacións
- ❖ Como ofrecer consellos e recomendacións
- ❖ Analizar comportamentos e situacións
- ❖ Expresar condicións
- ❖ Expresar desexo e esperanza

Coñecemento do código

- ❖ Persoais con subxuntivo
- ❖ Subordinadas condicionais
- ❖ Expresións para aconsellar, recomendar
- ❖ Recoñecemento de sons consonánticos h/; c/cc
- ❖ Relacións humanas
- ❖ As rebaixas




## Actividade introdutoria

1. escoita esta conversa entre dous mozos. 

2. Que consellos lle dá María a Lucas?

Cres que Lucas sairá con María? En que condicións?

3. E ti? Sairías con Lucas se...





## Gramática e léxico

### Prácticas guiadas

#### PRETÉRITO IMPERFECTO DE SUBXUNTIVO

##### -AR

andase  
andases  
andase  
andásemos  
andásedes  
andasen

##### -ER

bebese  
bebeses  
bebese  
bebésemos  
bebésedes  
bebesen

##### -IR

vivise  
vivises  
vivise  
vivísemos  
vivísedes  
vivisen



##### OLLO!

O **pretérito imperfecto de subxuntivo** indica unha acción irreal -dependente dun referente pasado, presente ou futuro- que se produce simultánea ou posteriormente á outra.

#### EXPRESAR CONDICIÓN

Para expresar condicións que nos parecen posibles no presente e/ou no futuro usamos:

##### Oración condicional

**Se + Presente de indicativo**

##### Principal

**Presente de indicativo / Futuro / Imperativo**

*Se teño tempo, vou contigo ao cine.*

*Se chove, quedarei na casa.*

*Se estás mal, non saias.*

Para expresar condicións que nos parecen irrealis ou improbables no presente e/ou no futuro usamos:

##### Oración condicional

**Se + Imperfecto de subxuntivo**

##### Principal

**Condicional / Imperativo**

*Se tivese máis tempo, aprendería a tocar a gaita.*

*Se non chegases ás catro, chámame.*



1. En que circunstancias farías estas cousas?

Tirarte vestido a unha piscina.

Tirárame coa roupa posta a unha piscina se vise que alguén está afogando.

Ir vivir ao estranxeiro.

Subir enriba dunha mesa.

Chamar á Policía ou á Garda Civil.

Gastar todos os aforros.

Rapar a cabeza.

Saír correndo da escola.



2. Que farías se...?

Pregúntalle ao teu compañeiro e que el che pregunte a ti.

- *Que farías se perdeses a tarxeta de crédito?*

- *Chamaría inmediatamente ao banco para que a anulasen.*

Tócache o Gordo da lotería de Nadal.

Atópaste nun restaurante e, á hora de pagar, ves que non levas cartos.

Estás no estranxeiro e rúbanche o bolso con todos os documentos.

Atópaste só nunha illa deserta.

Paseando pola rúa atopas o teu actor/actriz favorito/a.

Es un personaxe moi famoso.

Atopas no tren un maletín con cen mil euros.

No aeroporto de París dáste de conta de que perdiches o billete de volta.

Gobernas o mundo por un día.

Falas galego perfectamente.



## EXPRESAR DESEYO E ESPERANZA

Para expresar desexo ou esperanza acostumamos a usar:

### Espero que + presente de subjuntivo

*Espero que teñas sorte.*

### Gustárame que + pretérito de subjuntivo

*Gustárame que non foses tan tímido.*

**Oxalá + presente de subjuntivo** (exprésase un desexo que ten probabilidade de realizarse)

*Oxalá mañá gañe o Deportivo!*

**Oxalá + pretérito de subjuntivo** (exprésase un desexo que ten poucas ou ningunha posibilidade de realizarse)

*Oxalá hoxe fose domingo!*



### OLLO!

Usamos a construción con **infinitivo** cando temos o mesmo suxeito real:

**Gustárame visitar** a miña avoa.

A min eu

Usamos a construción con **pretérito de subjuntivo** cando temos suxeitos reais diferentes:

**Gustárame que ti visitases** a miña avoa.

A min ti

3. Que che gustaría pedir se tiveses unha variña máxica? Expresa desexos xerais e persoais. Coméntaos cos teus compañeiros

*O mundo*

*Gustárame que rematase a fame no mundo.*

*Este verán espero que os meus pais me deixen ir a África de cooperante humanitario. Oxalá poida ir!*

A casa

A cidade

A saúde

O traballo

A sociedade

O futuro

Os transportes

A familia

O diñeiro

As vacacións



## CONSELLOS E VALORACIÓN

Usamos a construción con **infinitivo** cando o consello que damos é xeral e non o diriximos a ninguén en particular:

	<b>Adxectivo</b>	<b>Infinitivo</b>
<b>É</b>	<i>necesario</i>	<b>estudar</b> <i>moito para aprobar.</i>
<b>Paréceme</b>	<i>importante</i>	<b>chegar</b> <i>cedo a clase.</i>

Usamos a construción **QUE + subxuntivo** cando nos referimos a un suxeito concreto:

	<b>Adxectivo</b>	<b>Que + Subxuntivo</b>
<b>É</b>	<i>necesario</i>	<i>que estudas</i> <i>moito para aprobar o curso.</i>
<b>Paréceme</b>	<i>importante</i>	<i>que chegues</i> <i>cedo a clase.</i>

4.

**A** Que consellos che parecen máis apropiados para unha primeira cita real despois dun coñecemento virtual?

1. É importante que sexas ti mesmo/a, non te disfraces.
2. É aconsellable que vaias limpo/a, aseado/a e sexas puntual.
3. É mellor que non fales do pasado.
4. É útil falar de asuntos persoais, pero con delicadeza.
5. Non é necesario que lle contes todo sobre as túas citas anteriores.
6. É recomendable que quededes nun sitio público e coñecido, nun terreo de ninguén.
7. É mellor non dicirlle que che gusta, espera a que outra persoa fale primeiro.



**B** En parellas, escollede un destes temas e escribide algúns consellos prácticos:

Consellos para saír dunha depresión.

Consellos para levarse ben cos veciños.

Consellos para ter éxito nunha entrevista de traballo.

Consellos para atopar mozo/a.

Consellos para comprar unha casa e non arruinarse.

Consellos para sacar á primeira o carné de conducir.

Consellos para ser feliz nunha relación de parella.

Consellos para manter un bo ambiente na clase.

**C** Lédelles algúns consellos ao resto da clase, entre todos elixiredes os mellores.





ð tʃ



## Ortoografía

1. Algunhas destas palabras perderon a consoante h- Pónllela ás que a precisen, despois compara as respostas co teu compañeiro.

\_\_ome

\_\_inchar

\_\_ermida

\_\_ombro

\_\_irmá

\_\_armonía

\_\_orfo

ve\_\_ículo

\_\_orta

\_\_óso

\_\_erba

\_\_ovo

\_\_aver

\_\_ola

pro\_\_ibir

\_\_umidade

\_\_aí

2. Estas outras palabras perderon as consoantes -c- ou -cc-, intenta atopalas e despois compara as respostas co teu compañeiro.

calefa\_\_ión

xurisdi\_\_ión

di\_\_ionario

confe\_\_ión

infe\_\_ión

produ\_\_ión

corre\_\_ión

contradi\_\_ión

condu\_\_ión

rea\_\_ión

tradu\_\_ión

inxe\_\_ión

cole\_\_ión

destru\_\_ión

contra\_\_ión

distra\_\_ión

reprodu\_\_ión





### O noso consultorio responde

1. Que fas cando tes un problema?

- Chamo a un amigo.
- Non llo digo a ninguén.
- Escribo a unha revista.
- Cántollelo a meus pais, á miña parella.
- Falo co meu avó.

...

2. Escoita as mensaxes que se gardaron no contestador automático do noso consultorio e responde:



a) Como se sente o mozo da primeira mensaxe?

Que consellos lle podes dar?

b) Por que se enfadou a muller da segunda mensaxe?

Por que non quere cortar a relación?

Que farías ti no seu caso?

3. E ti? Tiveches dúbidas en canto aos estudos ou ás relacións persoais?

Cal foi o mellor consello que che deron?



## Contido sociocultural

1. Le este texto sobre a avoa blogueira.

### A avoa blogueira de Muxía gaña o BOB á mellor bitácora en español

'Aos meus 95'



María Amelia, a avoa blogueira de Muxía, é a gañadora deste ano do premio BOB á mellor bitácora en español. Aos seus 95 anos, é unha das blogueiras máis anciás do mundo, e a bitácora dende a que amosa as súas lembranzas e a súa visión do mundo conquistou este ano un dos premios internacionais de blogs da Deutsche Welle.

A bitácora da avoa de Muxía foi seleccionada por un xurado de entre unha lista con dez candidatas que foran votados previamente polos internautas. O xurado destacou do blogue "o impulso que supón para outras persoas maiores para entrar neste medio de comunicación".

O blogue de María Amelia botou a andar o pasado 23 de decembro, o mesmo día que cumpría 95 anos. Segundo relata na bitácora, "o meu neto como é cutre regaloume un blogue". Dende daquela, a avoa dita e o neto teclea e o ritmo de actualización é constante, igual que o ritmo ao que medran os seguidores desta avoa da blogosfera. Despois de saír como a blogueira máis anciá en numerosos medios de comunicación, a popularidade desta muxiá foi en ascenso e a súa bitácora bate marcas de comentarios e visitas dende todos os recantos do mundo.

*Texto adaptado de <http://www.xeracion.com> (19/11/2007)*



2. Le tamén este fragmento do blogue de María Amelia.

” O que se sabe con este Internet, o que se aprende (...) Para que queredes poñer cousas feas tendo cousas tan bonitas. E non tacos, insultos... Que gañades con insultar? (...) A min gústame Internet e eu esas palabras non as vexo. Nin as quero ver. Pero podedes aprender moitas cousas. Fíxate, eu agora coñecín nacións que non pisara na miña vida. E xa sei como viven, que política teñen, que relixión, que idioma falan...

E despois, se queredes saber onde están os países, poñedes os mapas todos, que eu, ás veces, escribenme e quero saber que país é, e anda, un mapa. E así vaixe instruíndo un. Si, podedes aprender moito.

E vós, neniños de 13, 14, 15, 18, 22, estádesme escribindo, que vos conte, que vos conte... se tedes Internet, Internet fálavos de todo. Mira, na miña vellez, non sabedes as cousas que eu aprendín de Internet... E iso que hoxe estou esgotada porque foi moito (...) Moitas entrevistas e, claro, a min non me gusta dicir que non (...) Tamén me ofrecían unhas cousas para gañar eu. Iso que significa? Non. Eu non me puxen nisto de Internet para gañar. Para ter amigos e falar, tres ou catro ou cinco ou seis. Pero agora son miles e miles...”

*Texto adaptado de <http://amis95.blogspot.com/> (21/11/2007)*

3. Que consellos dá a autora do blogue nesta páxina?

Daríaslle algún consello a María Amelia, por gañar o premio BOB.

Que farías ti se gañases un premio?

Escribiches en Internet algunha vez para aconsellar a alguén?



1. Antes de ler o texto, pensa que fas ti nestas ocasións e pregúntalle ao teu compañeiro:

- Que fas cando a principios de mes tes diñeiro de sobra?
- Que fas se che tocan uns cartiños na lotería?
- Que fas cando estás deprimido?



- Que fas se paseas por unha zona comercial e levas contigo a tarxeta de crédito?

2. Le o texto.

### Mesma calidade a menor prezo

#### Rebaixas

Convén planificar ben as compras e saber cando chegou o momento de deixar de mercar. Resulta difícil resistirse ás rebaixas, especialmente nunhas datas nas que todo son reclamos para caer na tentación da compra, pero hai que evitar un consumo descontrolado e sen planificar para que o peto non se resinta. As rebaixas, ben aproveitadas, pódennos servir tamén para adquirir, con importantes descontos, produtos que doutro xeito resultan inalcanzables. Para evitar desfeitas, convén planificar ben as compras e saber cando chegou o momento de deixar de mercar.

#### Planifique a compra

- **Faga unha lista** dos artigos que realmente precisa e fixe a cantidade máxima que quere gastar. Teña en conta as necesidades do seu fogar (enxoval, electrodomésticos...), as persoais e as familiares (roupa, calzado, complementos...). Evitará gastar máis da conta e adquirir cousas que axiña deixará de usar.
- **Non se deixe levar polas présas.** O apuro e os empurróns dos primeiros días das rebaixas pódeno levar a mercar de xeito impulsivo. Compare prezos en varios establecementos.
- Lembre que **as rebaixas non poden ter unha duración inferior aos quince días nin superior aos dous meses** e que os produtos que se ofertan en rebaixas deben estar durante un mes, como mínimo, expostos nas tendas. Desconfíe dos establecementos que cambian os artigos dos seus escaparates para as rebaixas.



## Igual produto e garantías

- As rebaixas deben contar coas **mesmas garantías e coas mesmas políticas para cambios e devolucions** –sempre e cando non se usase o produto– cós artigos adquiridos antes deste período.
- Os produtos rebaixados deben ofrecer **igual calidade a menor prezo**. Deben ser artigos de tempada e en perfectas condicións. Rexeite os artigos que non indiquen as debidas condicións sanitarias, os que se atopan en mal estado ou os que incumpran as medidas de seguridade.
- É obrigatorio que nas etiquetas apareza o **dobre prezo** (o antigo e o rebaixado) **ou ben a porcentaxe de rebaixa** (adóitase aplicar un desconto mínimo do 20% sobre o prezo de tempada alta e, xeralmente, o desconto aumenta progresivamente).
- Asegúrese de que a **etiquetaxe é correcta e lexible en galego**, castelán ou outra lingua oficial do Estado. No caso da roupa, a etiqueta debe incluír instrucións sobre como lavala e pasarlle o ferro e informar dos materiais de confección e dos datos da empresa fabricante (co país de manufactura).

## Devolucions, arranxos, tarxetas...

- Se un establecemento admite **devolucions** durante toda a tempada, tamén deberá facelo en época de rebaixas. De non ser así, deberá advertilo explicitamente (mediante letreiros, por exemplo).
- No caso de **amaños de pezas** (acurtar a perneira ou as mangas, estreitar a cintura...) acontece o mesmo. Se son gratuítos durante a tempada pero se cobran en época de rebaixas, o establecemento tamén o deberá advertir.
- Os establecementos que admiten o **pagamento con tarxetas de crédito** durante o resto do ano están obrigados a admitilos tamén en época de rebaixas, sen recarga sobre o prezo.

## Mesmos dereitos

- **Garde sempre o ticket da compra**. A súa presentación é imprescindible á hora de efectuar calquera cambio ou devolución.
- Se merca un electrodoméstico, esixa que lle dean o mesmo **período de garantía** que ten o artigo co seu prezo normal. Comprobe que toda a documentación está selada e en regra.
- En rebaixas, os consumidores temos os **mesmos dereitos ca en calquera outro momento**. Se cre que algún comercio non respectou os seus dereitos como consumidor, esixa a folla de reclamacións e intente resolver o problema de xeito amigable. Tamén se pode dirixir á Oficina Municipal de Información ao Consumidor, ao Servizo de Consumo da súa comunidade autónoma ou a calquera asociación de consumidores.



3. En parellas.

**A** Pregúntalle ao teu compañeiro:

- a) No texto aconséllanche ir ás rebaixas os primeiros días e a correr?
- b) Canto pode durar o período de rebaixas?
- c) Que pasa cos produtos de tempadas pasadas?
- d) Podes cambiar ou devolver un produto rebaixado? Que necesitas presentar no establecemento?
- b) Que debe aparecer nas etiquetas dos produtos rebaixados?
- d) Que podes facer en período de rebaixas se compras un produto defectuoso?

**B** Agora respóndelle ao teu compañeiro:

- a) Segundo o texto, por que pode ser beneficioso comprar nas rebaixas?
- b) Que se aconsella ante as aglomeracións?
- c) Pódenche arranxar unha peza de roupa en época de rebaixas?
- d) Con que formas de pago podes contar durante as rebaixas?
- e) Se compras un produto en época de rebaixas, que garantías terías?

4. O teu compañeiro de piso chega á casa moi contento por comprar un traxe nas rebaixas e ti descubres que ten un defecto. Entre os dous, decidides facer unha reclamación por escrito. (Lembra que na unidade 8 tes un modelo de folla de reclamación). Tamén podedes empregar como argumentos os datos que aparecen no texto que acabades de ler.



## Repaso

1. Que lles desexas ou aconsellas a...

Ana é moi tímida e fala pouco coa xente.

*Gustaríame que Ana fose máis extravertida e que falase un pouco máis.*

Laura ve moito a tele e está pouco cos seus amigos.

---

Xoán é un egoísta e non pensa nada nos demais.

---

Sabela caeu polas escaleiras e rompeu unha perna.

---

Os teus pais teñen poucos días de vacacións e non poden ir á praia.

---

Carme espertou esta mañá con dor de moas.

---

O teu marido traballa moito e volve moi tarde á casa.

---

Ricardo é moi preguiceiro, non estuda case nada.

---

A María roubáronlle o bolso no autobús esta mañá.

---



2.

**A** Completa cos verbos no tempo axeitado e faille as preguntas ao teu compañeiro e toma nota das súas respostas. Inverte os papeis.

Que farías se...

- a) \_\_\_\_\_ (gañar) 50 millóns de euros na lotería?
- b) \_\_\_\_\_ (ter) que cambiar de profesión?
- c) \_\_\_\_\_ a relación coa túa parella (ir) \_\_\_\_\_ mal?
- d) \_\_\_\_\_ (ter) moito tempo libre?
- e) \_\_\_\_\_ (ser) presidente dunha gran multinacional?
- f) \_\_\_\_\_ (suspender) un exame moi importante?
- g) \_\_\_\_\_ (perder) o traballo e \_\_\_\_\_ (quedar) sen diñeiro?

**B** Como cres que é o teu compañeiro?

Daríaslle algún consello?

E el que opina de ti?





1. Le estes textos e sinala en cada un deles os catro consellos que che parecen máis importantes.

### Manual do traballador perfecto

1. Coida o teu aspecto e o do teu posto de traballo.
2. Sé puntual.
3. Aproveita ao máximo o tempo no traballo.
4. Distingue entre a crítica razoada e ser negativo por sistema.
5. Toma iniciativas, pero pide axuda cando a necesites.
6. Mantén bo ambiente de traballo tanto no persoal coma no profesional.
7. Coida o material de traballo.
8. Non sexas arribista.
9. Preocúpate pola túa formación.
10. Non lle fagas a pelota ao xefe.

### Manual do xefe perfecto

1. Dirixe o traballo con firmeza, pero non a berros.
2. Respecta os teus empregados.
3. Lembra que as reprimendas son contraproducentes.
4. Non te apropias do éxito dos teus subordinados.
5. Transmite os teus coñecementos.
6. Respecta a vida privada e a intimidade dos que traballan contigo.
7. Fai que os teus empregados se sintan como parte dun equipo.
8. Non perdas os nervios.
9. Eloxia en público e corrixe en privado.
10. Non esquezas a cesta de Nadal.

2. Compara as túas opinións coas do teu compañeiro/a e elixide os mellores consellos de cada texto.

*Eu creo que é moi importante que o xefe respecte os seus empregados...*

3. En grupos, escribide un manual para unha destas relacións:

profesor / alumno perfecto

noivo/a perfecto/a ou marido perfecto / muller perfecta

fillo/a perfecto/a / pais perfectos



## Que sei facer?

Son capaz de...	BEN	REGULAR	MAL
Pedir e ofrecer consellos e recomendacións			
Analizar comportamentos e situacións			
Expresar condicións			
Expresar desexo e esperanza			
Usar o pretérito de subxuntivo			

- ❖ Que palabras desta unidade quero recordar?
- ❖ Que cuestións gramaticais me parecen máis complicadas?
- ❖ Que actividade me foi de maior axuda?
- ❖ Cal non me gustou? Por que?
- ❖ Participei suficientemente na clase?
- ❖ Que podo mellorar?



## Transcripción do audio

### 1. Actividade introdutoria. Conversa entre dous mozos.

**LUCAS:** Se chama Raquel, dille que non estou.

**MARÍA:** E logo, que che pasou con ela?

**LUCAS:** Nada, pero hoxe non quero falar.

**MARÍA:** E se chamase Luísa?

**LUCAS:** Non creo que chame pero, se chamase Luísa, falaría encantado con ela.

**MARÍA:** Ah, que pillabán, para unhas estás e para outras non!

**LUCAS:** Eu teño os meus motivos.

**MARÍA:** Pois se queres un consello, é mellor que esteas para todas ou para ningunha, non vaia ser que te collan nunha mentira.

**LUCAS:** Non estou hoxe para moitos consellos.

**MARÍA:** Pois é necesario que medres un pouco, que xa non es ningún neno.

**LUCAS:** Xa sei, xa sei, tes razón.

**MARÍA:** E gustaríame que saíses algunha vez con Raquel, é boa moza e a min cáeme moi ben.

**LUCAS:** Pensareino, pero hoxe se chama, mellor dille que aínda non cheguei.

**MARÍA:** Vale, ríndome.

**LUCAS:** Se non me chamase ningunha, sairía contigo...

**MARÍA:** Ja, ja, ja...

### 2. Galego en acción. Mensaxes que se gardaron no contestador automático do consultorio.

Non sei que estudar. Cando era neno soñaba con ser arquitecto, imaxinaba a miña cidade con edificios novos, centros modernos... Deime conta de que era moi creativo, así que decidín estudar arquitectura. Pero agora teño as miñas dúbidas, cando vexo un médico penso en estudar medicina e outras veces dáme gana de estudar informática porque me interesan os ordenadores. Necesito un consello. Moitas grazas.



Hai un mes enfadeime co meu mozo porque me parecía moi egoísta. Deixei de chamalo e non respondo ás súas chamadas. Hai uns días chamoume el para quedar e tomar algo e eu díxenlle que non podía ir ese día e púxenlle unha escusa. O caso é que non sei que facer porque é unha persoa á que eu quería moito, pero non se preocupaba moito polos meus problemas. Non estou segura de querer continuar esa relación. Por outro lado, dáme pena cortar unha relación de tantos anos. Que fago?